



Os últimos días do Eden

Tómome a liberdade dende estas liñas para recordaros que nestes días cúmprense unha destas datas "simbólicas" e non, non me refiro ao aniversario do famoso cantante Bob Dylan que esta a piques de cumprir setenta e cinco anos, se non de outro nacemento, para sermos exactos o nacemento dunha pequena plataforma cidadá que acabou chamándose Somos Ribadumia, e que acabaría por revolucionar o panorama político do noso Concello. Facendo un pouco de memoria colectiva poderíamos recordar aqueles momentos, de profunda convulsa neste noso fogar que chamamos España, tales coma Ministros mentireiros, Políticos corruptos, algún que outro tesoureiro na cárcere sedes políticos pagadas en b sobresoldos, Gurteles Presidentes de Deputación imputados, e non sei cantas porcalladas mais... ben pensado e mellor non pensar como era todo fai un ano no noso país porque calquera diría que sufrimos un Déjà vu malsán. Centrándonos un pouco en como ía o todo no noso concello o PP estaba aínda neses días previos a gran fociñada electoral e vivía nunha enorme balsa de aceite, nada se movía sen o expreso permiso e beneplácito da Alcadesa todo era maravilloso tal como estaba.

Ah, pero a veces o destino é cruel e caprichoso e o que son designios sagrados de gloria tórnanse en amargas vitorias para estar na oposición. Os veciños de Ribadumia fartos de tanta prepotencia e aires de superioridade decidiran en varias asembleas públicas e abertas a tódalas persoas que quixeron participar, crear a Plataforma cidadá Somos Ribadumia co inefable espírito de renovar a Política no noso Concello. O principio nas altas esferas do Partido Popular parece que non houbo unha gran reacción (nin frío nin calor vamos) seguían no seu paraíso terreal no seu propio Edén privado, e dende ese tipo de posición sempre resulta difícil calibrar o que esta por vir.

Pasaron os días e as Semana e o final entramos na guerra que son as eleccións Municipal que afrontan a veciños e familias alomenos de forma ideolóxica. Para aquelas persoas que sexan legos na materia das interioridades dunha campaña electoral direivos que se non tendes fondos ilimitados coma "outros Partidos" o que si iredes ter e unha inmensa morea de traballo. Para que este movemento cidadán sairá adiante era necesario mais que nunca que moitas persoas uniran esforzos de forma desinteresada, e alí estiveron os Veciños de Ribadumia sempre dispostos a votar unha man. Gustárame enumeravos as persoas que se empeñaran en que logramos os nosos obxectivos pero estou seguro que me deixaría algún nome no tinteiro e sería inxusto con esas persoas. Polo tanto so direi unha cousa, **GRACIAS**, gracias a todos vos que gastastedes o voso escaso tempo de lecer nunha Ribadumia mellor, gracias por estar ata altas horas da noite enpaquetando sobres electorais, gracias por axudarnos a colocar carteis e a quitalos despois, gracias por asistir a largas reunións da Asemblea para crear este movemento Social, gracias polas vosas achegas económicas nestes días no que cada céntimo conta para chegar a fin de mes, e sobre todo gracias polas vosas ideas e tamén polas vosas críticas xa que dendelogo non somos infalibles. Gracias a todos vos por estar cando vos necesitabamos e gracias por confiar en nos e votarnos cando o fixestedes. De novo Gracias a todos.

E ben, retomando un pouco o noso fío nesta historia estabamos en Campaña e agora o PP si que estaba ca mosca tras a orella. Así que empezou co que se lle da mellor que a ninguén, a guerra sucia contra os que pensan distinto a eles. ¿e como se fai iso? pois no manual de guerra sucia do PP esta no primeiriño lugar o de afogar por tódolos medios as críticas dos adversarios. Polo tanto non permitiu que Somos Ribadumia fora o debate de Telesalnes, porque xa sabedes que un pobo desinformado é fácil de enganar. Así que para que vas permitir que a oposición mais crítica contigo che diga na televisión as moitas falcatruadas que cometiches, sería de parvos ou que. Unha vez afogado a mensaxe do teu rival

tes que pasar a empozoñar por calquera medio posible. ¿Exemplo practico? A lona difamatoria que puxo o Partido Popular no Ximnasio de Barrantes a dous días das eleccións. Xa sabedes todos a que me refiro aquela de ¡¡ti votaches en contra!! ¡¡non, non fixen tal!! O dos dous días antes das eleccións non e baladi porque se pos esa lona antes a oposición pode solicitar que se quite no tribunal. Ademais o sitio tampouco e o chou, xa que esta a porta dun colexio electoral, para que os votantes teñan frescas as mensaxes dos que mandan, evidentemente, iso tamén é ilegal.

¿E despois de sacar a artillería pesada contra Somos Ribadumia como nos foi? Pois entramos no Concello cun concelleiro e sendo a primeira forza da Esquerda superando ao Partido Socialista en mais de cen votos. Sinceramente esperabamos mais, necesitabamos mais para desaloxar aos tunantes animosos do Partido Popular do Concello. E coa axuda do Partido Socialista de Ribadumia mais Independentes por Ribadumia ao final lográmoslo. Esa seria unha forma de velo outra forma mais correcta seria que as veciñas e veciños do noso pequeno Concello decidiron que xa estaba ben, e os votaron o fin.

Despois diso verían negociacións para formar un goberno e moito, moito, pero que moito, traballo para empezar a cambiar as cousas... pero iso e outra Historia para contar noutro momento. Así que despídome de vos na esperanza de non habervos aburrido moito e que vos queden gañas de ler as miñas verbas outro día.

Saúdavos atentamente o voso veciño e amigo...

Fernando Ruiz Padín